Lugo, 24 maio 1963

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo
Ourense

Meu grande e querido Otero: Hoxe recibín a súa carta.
Gracias polo seu agarimo. En Santiago todo o mundo me ro-
deóu de afecto e quentor. Os meus antigos discípulos e os
meus vellos amigos realizaron un generosidade. Semella que
todos aleprenderon de vostede.

posto a traballar no segundo tomo da Historia. Estou
agora con Noriega Varela, sobre quen vostede sabe tanto. Quero
lle preguntar unha cousa: Leal Insua escribe: "Losada,
Risco y Noguerol editaron por su cuenta en 1920 "Do ermo"
(Imprenta de Antonio Otero. Orense), edición que se agotó rápida-
mente. Los mindonienses residentes en Buenos Aires costearon la
segunda en el mismo establecimiento tipográfico." Ista segun-

da edición ourensana nunca a vin. ¿Existe verdadeiramente? Vostede debe sabelo. Eu non a atopei. Se existe, quixera velo. Non coñezo máis que a de Ourense, 1920, a de Mondoñedo, 1939, e a de Lugo, 1946.

Quixera tamén ver "A Virxen y a paisanaxe", Ourense, 1914, que Del Riego non acha, ao que parez, e a primeira edición de "Montañesas", Luarca, 1904. Se me pode axudar a conseguir istes textos, llo agradecerei.

Equí temos aínda frío. O ceo está cuberto, a tarde é gris.

A Pita e a vostede os nosos mellores saúdos.

Unha forte e agradecida aperta do seu devoto

R. Carballo Calero